

Estimadas familias:

Para o mellor funcionamento do campamento poñemos á vosa disposición información de interese de cara a chegada e saída da **STEM WEEK**.

<b>Día de entrada</b>	<b>Hora de entrada</b>	<b>Día de saída</b>	<b>Acto de clausura</b>
26/08/18	18:00 – 19:30	01/09/18	12:00 – 13:30
02/09/18	18:00 – 19:30	08/09/18	12:00 – 13:30

A zona de recepción estará perfectamente sinalizada e nela poderanse encontrar 4 mesas:

- Mesa 1: Realización do rexistro. Todos os/as participantes deberán pasar por esta mesa para identificarse e poder acceder ó campamento, para iso terán que acudir có DNI. O/a pai, nai ou titor/a legal deberá firmar o rexistro de entrada do neno/a. Nesta mesma mesa farase entrega da tarxeta sanitaria do/a participante que se devolverá ó finalizar a **STEM WEEK**.
- Mesa 2: Cuestións médicas. Nesta mesa os/as participantes farán entrega dos medicamentos e de calquera información pertinente ó respecto. Os medicamentos deberán vir todos xuntos nunha bolsa identificada cos seguintes datos: nome completo do/a participante e a información detallada sobre o suministro de dito medicamento ou medicamentos.
- Mesa 3: Depósito de teléfonos móbiles. Nesta mesa os/as participantes depositarán os teléfonos móbiles que traeran perfectamente identificados con nome e apelidos.
- Mesa 4: Incidencias. Deberán acudir aqueles/as participantes que non estean nas listaxes ou teñan calquera outra incidencia.

Unha vez finalizado o rexistro os/as nenos/as quedarán a cargo dos/as monitores/as.

A saída da **STEM WEEK** levarase a cabo seguindo a mesma dinámica da entrada:

- Mesa 1: Realización do rexistro. Nesta mesa entregarase de volta a tarxeta sanitaria do/a participante e firmarse o rexistro de saída por parte do/a pai, nai, titor/a legal ou persoa previamente autorizada.
- Mesa 2: Cuestións médicas. Procederemos á devolución dos medicamentos proporcionados o día de entrada.
- Mesa 3: Recollida de teléfonos móbiles.
- Mesa 4: Incidencias. Nesta mesa resolverase calquera tipo de dúbida ou incidencia.

Unha vez que o pai, nai, titor/a legal ou persoa autorizada pasa polas respectivas mesas poderá acceder ó Acto de Clausura da **STEM WEEK**, onde poderá encontrarse co/a participante, asistir a entrega de diplomas e a continuación ver os traballos realizados durante a semana. Para que o Acto de Clausura funcione con normalidade agradeceríamos que se chegara ás intalacións ás 12:00.